



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornadas sobre a Administración electrónica desde unha perspectiva comparada.

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	10
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2007
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1
RESPONSABLE:	[]				

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) revolucionaron o concepto tradicional de governance en todo o planeta. Ante este novo reto, Europa non permanece indiferente e xa desde hai uns anos son moitas as estratexias, as actividades e os programas que co propósito de afrontar os desafíos da coñecida como sociedade do coñecemento se están a desenvolver dentro da Unión Europea.

Dentro do marco da nova Estratexia para o crecemento e o emprego -a Axenda de Lisboa 2-, xorde a iniciativa i2010, precisamente coa finalidade de converter a Unión Europea nunha verdadeira sociedade do coñecemento. Esta iniciativa aposta polo crecemento e a competitividade, obxectivos xerais aos que se pretende chegar mediante a converxencia, as redes de banda larga, a innovación, a investigación e a estandarización.

Son tres grandes obxectivos (os tres «i») os que definen a iniciativa i2010:

- A creación dun espazo único europeo da información que ofrezca comunicacións de banda larga económicas e seguras, con contidos ricos e diversificados, e que proporcione servizos dixitais.
- A difusión da investigación e da innovación no ámbito das TIC, co fin de que Europa se achegue aos principais competidores mundiais.
- A creación dunha sociedade da información en que esteamos incluídos todos, en que se presten eficazmente os servizos públicos e se promova a calidade de vida.

Estes obxectivos fan da i2010 unha iniciativa de grande impacto no ámbito do goberno electrónico. Mentres que moitos estados membros xa revisaron as súas estratexias de modernización e transformación do eGoberno para adaptalas á i2010 e á Axenda de Lisboa, o Estado español aprobou os plans INGENIO 2010 e AVANZ@.

Na mesma liña, a Xunta de Galicia está apostando de forma decidida nesta lexislatura por darlle un pulo á sociedade da información e do coñecemento (SIC) na comunidade. Así, a Consellería de Innovación e Industria elaborou o Primeiro Plan Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI) a partir dun diagnóstico previo da SIC en Galicia. O PEGSI recolle oito estratexias operativas que abranguen desde compoñentes técnicos e de seguridade ata aspectos relativos aos contidos, aos servizos públicos, á fenda dixital ou ao uso das TIC por parte das empresas. Tamén en consonancia coa filosofía do PEGSI, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza está elaborando o Plan de Administración electrónica, centrado sobre todo en aspectos como as infraestruturas, o papel dos empregados públicos e a prestación dos servizos.

En Galicia dispoñemos, por tanto, de importantes proxectos e de experiencias no marco da Administración electrónica, porén estas teñen que se dar a coñecer ao público e ser analizadas á luz doutras prácticas desenvolvidas no noso contorno máis próximo. O obxectivo destas xornadas é reunir profesionais e investigadores de prestixio co propósito de que contribúan ao fortalecemento do goberno electrónico en Galicia mediante o debate e o intercambio de ideas acerca das seguintes cuestións: que características amosa a sociedade da información?; en que nivel de desenvolvemento se

encontra a Administración electrónica?; que actores están participando no deseño e implementación dos plans e estratexias?; estase producindo realmente, tal como indica a literatura, a redución dos trámites burocráticos e o conseguente aforro económico na xestión administrativa? Galicia convértese no referente para contestar estas preguntas.

DESTINATARIOS

As xornadas están destinadas aos empregados públicos, técnicos e investigadores relacionados coa implantación das TIC, a modernización e a simplificación do sector público de Galicia.

PROGRAMA

Xoves, 15 de novembro

09.00 Inscripción dos asistentes e recollida de documentación

09.30 Inauguración das xornadas

09.45 Obxectivos, metodoloxía e axenda do programa e do primeiro día das xornadas

Alexander Heichlinger, Senior Lecturer & Project Leader, IEAP-CER Barcelona

10.00 A política comunitaria sobre a sociedade da información e as TIC; onde estamos?

Alexander Heichlinger, Senior Lecturer & Project Leader, IEAP-CER Barcelona

11.00 Pausa

11.30 Interactividade e xestión pública: os novos retos nas AA PP

Domingo Laborda, director xeral do Observatorio das Telecomunicacións e Sociedade de Información, Ministerio de Administracións Públicas, Madrid

12.15 Os retos do procedemento administrativo electrónico

Javier Ferreira Fernández, secretario xeral e de relacións institucionais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

13.00 As novas relacións entre o sector público e a cidadanía: eGovernment 2.0 (blogs/wikis/ second-life)

Roc Fages, e-periodista e editor especializado en e-Goberno. Consultor Associat – LTC Project

13.45 Fin da sesión da mañá

16.30 Prácticas innovadoras no sector pesqueiro galego (eFishery)

Marta A. Ballesteros, técnica da Área Socioeconómica da Pesca do Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR)

17.15 Prácticas innovadoras no campo dos servizos sociais e da saúde (eWelfare/Health)

Juan Ramón Marsal, e-consultor, asesor (Comité de Expertos en Servizos Sociais) do Departamento de Benestar Social da Generalitat de Cataluña

18.00 Prácticas innovadoras no campo da xestión tributaria (eTaxes/Revenues)

José María Villarquide, xefe de Dependencia Rexional de Informática de Galicia, Axencia Tributaria (AEAT)

18.45 Fin da primeira xornada

Venres, 16 de novembro

09.30 Obxectivos, metodoloxía e axenda do segundo día das xornadas

Xosé Mahou, profesor asociado da Área de Ciencia Política e da Administración, Universidade de Vigo

09.45 Mesa redonda. A Administración electrónica no ámbito LOCAL:

experiencias e liñas de desenvolvemento en Galicia

A e-Administración nos gobernos locais

Guillermo Márquez Cruz, catedrático de Ciencias Políticas e da Administración, Universidade de Santiago de Compostela

O portal dos concellos galegos: Eido Local

Raquel Cordeiro, técnica do portal Eido local

A Administración electrónica no Concello da Coruña

José María Ares Abalo, xefe do Departamento de Atención Cidadá e Innovación Tecnolóxica do Concello da Coruña

A Administración electrónica no Concello de Vigo

Ricardo Rodríguez, técnico informático do Concello de Vigo

11.30 Pausa

12.00 Mesa redonda. A Administración electrónica no ámbito AUTONÓMICO: experiencias e liñas de desenvolvemento en Galicia

A e-Xunta: o Plan de Administración electrónica da Xunta de Galicia

Juan José Gómez Romero, director xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas, Consellería de Presidencia

Diagnóstico da sociedade da información en Galicia: o Plano estratéxico galego da sociedade da información

María Elena Veiguela Martínez, directora xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información, Consellería de Innovación e Industria

e-Goberno e administración na eurorrexión Galicia–Norte de Portugal

Enrique Varela Álvarez, profesor da Área de Ciencia Política e da Administración, Universidade de Vigo

Favorece a internet a relación da administración coa cidadanía?

Carlos Otero, xestor administrativo e economista

14:00 Clausura oficial das xornadas

Antonio Izquierdo Escribano, director da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), Santiago de Compostela

CRITERIOS DE SELECCIÓN

O número de prazas estará limitado en función da capacidade do local. A prioridade das inscricións será determinada pola súa orde de entrada.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 15/11/2007 a 16/11/2007

NUM. PRAZAS: 290

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

Salón de Actos da EGAP, Santiago de Compostela